

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 26/03/2026

Hora: 19:00 h. a 1.<sup>a</sup> convocatoria e ás 19:00 h. a 2.<sup>a</sup>, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### I- PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 29/01/2026. Acta 01/2026.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 05/02/2026. Acta 02/2026.

2.-Aprobar se procede a política de seguridade da información do Concello de Oroso a fin de adaptarse ao Esquema Nacional de Seguridade (EXP. 2026/X998/000042).

3.-Aprobar se procede a normativa en materia de uso de medios electrónicos a fin de adaptarse ao Esquema Nacional de Seguridade (EXP. 2026/X998/000042).

4.-Aprobar se procede a rectificación anual do inventario municipal do exercicio 2025 (Exp 2026/X999/000119).

5.-Aprobar se procede previo levantamento do reparo de intervención o recoñecemento extraxudicial de créditos 6/2026 (Exp. 2026/G006/000032).

6.-Aprobar se procede previo levantamento do reparo de intervención o recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente á debida que o Concello de Oroso mantén coa

Asociación de Concellos da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle. (2026/X998/000038).

7.-Aprobar se procede a solicitude dunha subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para a organización da XXVII Festa da Troita en Oroso durante o ano 2026 (EXP. 2026/G006/000035).

8.-Aprobar se procede o arrendamento ao organismo público Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) a través de procedemento de adxudicación directa da parcela de referencia catastral 15061A501090060000MX (EXP. 2025/A006/000010 ).

9.-Aprobar se procede a modificación do uso das parcelas dotacionais do CEIP de Sigüeiro, do campo de fútbol “Lino Balado” e do centro deportivo “Junito Amigo”.

## II PARTE DE CONTROL

10.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 85/2026 do 23/01 ata a 403/2026 do 20/03.

11.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 23/01/2026 ata o 20/03/2026.

12.-Dación de conta da resolución de Alcaldía nº187/2026 do 13/02 de aprobación do proxecto corrixido de mellora de rede viaria nos lugares de Estación de Garga e Rial (Trasmonte), Penateixa ( A Gándara), A Bica (Villarromarís), Vilar de Abaixo e Bouzalonga (Deixebre), A Torre (Senra), Altiboia e Covelo (Marzoa), Ventosa (Cardama), Os Mariñaos ( Oroso ) e Sigüeiro incluído no POS + Adicionalo 4/2025.

13.-Dar conta da aprobación da liquidación orzamentaria correspondente ao exercicio económico de 2025 (EXP. 2026/T019/000001).

14.- Dar conta da remisión ao Ministerio de Facenda do plan orzamentario a medio prazo 2027 - 2029 aprobado polo Pleno do Concello de Oroso en sesión extraordinaria do 05/02/2026.

15.- Mocións dos Grupos municipais.

16.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/abrir/abrir.do>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.



En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.